

TERCEIRO DE GRAO PROFESIONAL

PARTE I

PROBA DE TROMPA

En todas as probas de acceso a grao medio interpretaranse tres obras, sendo unha delas de memoria. As obras son orientativas e interpretaranse con acompañamento de piano, se a obra requireo.

Repertorio

O repertorio orientativo está indicado na programación de 2º de Grao Profesional deste conservatorio.

PARTE II

1.- PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións de todos os cursos de Linguaxe Musical.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico – melódico:** a dúas voces, e ata cinco alteracións, dunha extensión entre 8 e 16 compases. Para a realización do dictado, daráselles aos examinandos o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e finalmente a velocidade do pulso (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** con emprego das sete claves.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol con acompañamento pianístico, que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Comprenderá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima dunha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e melódica, os examinandos disporán de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

2.- PROBA DE ORQUESTRA/BANDA

1.- Interpretar dous solos ou fragmentos dos listados que aparecen a continuación, ou de similar dificultade. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2.- Ler a primeira vista un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior ó que opta o alumno.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade. Según o curso ó que se desexe acceder, o alumnado presentará o repertorio dunha agrupación xuvenil ou sinfónica, elixindo entre Banda e Orquestra. É dicir, non ten que presentar o repertorio de dúas agrupacións, só de unha.

ACCESO DE 2º a 4º DO GRAO PROFESIONAL

BANDA (XUVENIL)

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS
F. Pérez Seara	Banda galega
A. Waiglein	Festival suite
J. Ninjs	Concerto dynamico
J. V. Pérez Planells	Fina Planells
J. Horner	The mask of zorro

ORQUESTRA (XUVENIL)

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS
F. Schubert	Marcha militar
J. Strauss	Pizzicato polka
Sullivan	The pirates of penzance
R. Schumann	Celebre reverie
E. Elgar	Chanson de nuit
Gluck	Suite-ballet (óperas) 12-Gavotte
Telemann	Musique de table
C. Brown	Rustic dances, nº 1 "Country dance";

P. I. Tchaikowsky
F. Delius

Nº 4 "Gypsy dance"
The nutcracker
Two aquareles

3.- PROBA DE CONXUNTO

As probas de acceso ós distintos cursos do CONXUNTO DE VENTO METAL consistirán en:

1. - Interpretar dúas obras axeitadas ó nivel do curso ó que se accede. Se interpretará só unha das partes e sen acompañantes, é dicir, a solo.

Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado. Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2. - Ler a primeira vista a solo un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade.

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS	INSTRUMENTACIÓN
Peverl	Canzona nº 2	Quinteto de vento metal
J. S. Bach	Corais nº 1, 2, 12, 18	Quinteto de vento metal
R. Starer	Invocation	Quinteto de vento metal
Gabrielli	Canzona per sonare nº 25	Quinteto de vento metal